

Bioloxía e Xeoloxía

Mostraxe dunar

 Laboratorio de mostraxe dunar
(1/2)


Actividade interactiva que permite ao alumnado realizar un estudo dun espazo natural protexido: o sistema dunar e de lagoa mariña de Barra (Ponteceso) da ría de Corme e Laxe. O contido permite comprender o proceso de mostraxe e culmina coa investigación autónoma do alumnado nun simulador virtual onde replicará a mostraxe que se faría na realidade: identificar especies con claves dicotómicas, calcular a súa porcentaxe de cobertura e recoller os factores físico-químicos do solo para coñecer a súa relación.

Características destacadas:

- Aplicación guiada do método científico.
- O alumnado aprenderá a determinar tanto o material necesario como os pasos a seguir para realizar unha mostraxe.
- O alumnado obterá os seus propios datos, identificando e cuantificando as especies atopadas, e comprenderá a necesidade de dimensionar correctamente a envergadura dunha investigación científica, ao recoller mostras representativas que optimizan o estudo.
- O contido incorpora imaxes 360º dos puntos de mostraxe e imaxes reais das

especies que alí se atopan, xerando unha experiencia inmersiva.

- Móstrase unha diversidade enorme de hábitats propios de ecosistemas terrestres e acuáticos: praias de area, praias de coídos, sistemas dunares, matogueiras, marismas, cantís, chairas lamacentas que quedan ao descuberto coa baixada da mar e fondos submarinos areosos ou rochosos na rexión exterior da ría.

Idioma do contido: galego.

No simulador de mostraxe virtual:

- Realízase un traxecto con cinco zonas ao longo do sistema dunar para comprobar que especies vexetais aparecen, se estas cambian nos distintos puntos ou se hai diferenzas cunha zona de marisma próxima.
- Tómanse mostras do solo para medir factores abióticos (salinidade, humidade, materia orgánica e pH) e contéstanse as preguntas de medición de cada parámetro para coñecer o seu valor en cada zona.
- Cóllese unha mostra da vexetación existente que sexa representativa da poboación de todas as especies que alí habitan e das características do solo.
- Lánzanse ata tres cadrados distintos en cada zona e identifícanse as especies

contestando ás preguntas das claves dicotómicas.

- Trasládase toda a información obtida ao caderno de campo e indícase cal é o índice de cobertura de cada especie.
- No caderno de campo pódense consultar os factores abióticos e as especies analizadas en cada zona, así como gráficas que permiten observar a relación existente entre os valores físico-químicos e a presenza de distintas especies vexetais.

Obxectivos:

- Comprender as características dos ecosistemas dunares, acercando ao alumnado á súa realidade próxima estudando un ecosistema propio de Galicia.
- Facer un estudo de flora e comprobar como cambia a distribución das especies dependendo dos factores abióticos e da distancia ao mar.
- Practicar a toma de parámetros abióticos: salinidade, pH, materia orgánica e humidade.
- Proporcionar unha ferramenta virtual para a experimentación segura, controlada e guiada, simulando a análise de mostras naturais que se realizarían nun entorno de forma presencial.

Bioloxía e Xeoloxía

Mostraxe dunar

Laboratorio de
mostraxe dunar
(2/2)



- Fomentar a participación activa e a autonomía do alumnado no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe a través do método científico.
- Coñecer e aplicar de forma guiada as distintas fases do método científico, para o desenvolvemento das súas competencias científicas, capacidade de análise e resolución de problemas.
- Educar e sensibilizar en valores ambientais.
- Espertar no alumnado a súa curiosidade pola ciencia.

▪ **Contidos:**

- Estudo cuantitativo da biocenose vexetal que habita no sistema dunar.
- Grao de cobertura das especies.
- Parámetros físicoquímicos do solo que presenta o biótomo.
- Relación existente entre os valores físico-químicos e a presenza de distintas especies vexetais.